



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

## RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (Expediente 2024/G007/000008)

EXPEDIENTE:2024/G003/000411

## ANTECEDENTES

É atribución propia e indelegable da Xunta de Goberno Local a asistencia permanente ao alcalde no exercicio das súas atribucións. Para iso, o alcalde informará aos membros da Xunta de Goberno Local das súas decisións antes de adoptar decisións, sempre que a importancia do asunto o requira.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Artigo 53, seguintes e concordantes do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF)

Son competente para resolver, de conformidade co artigo 41 do ROF.

Polo anterior, RESOLVO:

Primeiro. Convocar a **Xunta de Goberno Local**, sesión extraordinaria e urxente, na sala de sesións da Casa do Concello de Ponteceso, o **10/05/2024, ás 10:30 h**, en primeira convocatoria e procederase en segunda convocatoria de acordo co estipulado no artigo 90.2 do ROF.

## ORDE DO DÍA

- 1 Aprobación da urxencia da sesión, motivada polos prazos que hai que cumprir no expediente de solicitude de subvención para a subministración do camiión eléctrico para a recollida de lixo-biorresiduos e pola necesidade urxente da situación especial na que se atopa o contrato do Servizo de Axuda no Fogar
- 2 2024/C005/000001 Aprobación do expediente e dos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán a contratación, por procedemento aberto simplificado da subministración de camiión eléctrico para a recollida de lixo-biorresiduos
- 3 2023/C003/000002 Autorización da redacción do modificado do proxecto de obras denominado "Servizos e pavimentación no barrio Campo e estación de bombeo de augas residuais en Ponteceso (POS+2023)"
- 4 2024/C004/000003 Aprobación do expediente de contratación de servizos denominado "Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Ponteceso"

Segundo. Notificarlles esta resolución a todos os membros da Comisión debidamente designados, así como á secretaria e ao interventor do Concello, indicándolles que a partir desta data teñen ao seu dispor na Secretaría os antecedentes relacionados co asunto da Orde do día.

Ponteceso, 9 de maio de 2024



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

O alcalde

José Manuel Mato Martínez

Dou fe (art. 3.2 do R. D. 128/2018)

A secretaria

Antía Pena Dorado

\*Documento asinado dixitalmente na marxe